

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE DECEMBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 1 de decembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de novembro de 2017 (orde do día ampliado o 1 de decembro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao punto 1a)  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste aos puntos 1a, 1b e 1d)  
D. José Riesgo Boluda  
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 1c)  
D. Óscar Couce Senra  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 11c e 11d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas****a) Acta do 14 de novembro de 2017**

Apróbese a acta da sesión do 14 de novembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**b) Acta do 17 de novembro de 2017**

Apróbese a acta da sesión do 17 de novembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**c) Acta do 20 de novembro de 2017**

Apróbese a acta do 20 de novembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, D. Fernando Carballo Vilar e D. Óscar Couce Senra.

**d) Acta do 23 de novembro de 2017**

Apróbese a acta do 23 de novembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos**

**procedementos abertos, negociados e restrinxidos****a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 29 de novembro de 2017 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 29 de novembro de 2017 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos****a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 29 de novembro de 2017 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 29 de novembro de 2017 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

**11.- Propostas de adxudicación****a) Procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN
ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., o día 20 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de novembro de 2017, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., o procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240) por un importe total de 31.460,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.460 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**b) Procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
CA TOTALITY GROUP, S.L.U.	86 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP, S.L.U., o día 17 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 29 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CA TOTALITY GROUP, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e,



comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CA TOTALITY GROUP, S.L.U., de acordo co informe de valoración da proposta técnica e económica do 14 de novembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CA TOTALITY GROUP, S.L.U., o procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335) por un importe total de 59.290,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.290,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

#### **ANTECEDENTES**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificadas, consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 15 de novembro de 2017.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	94,34
2	C. D. INDEPO S.L.	94,33
3	HIDROMIÑO, S.L.	94,33
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,32
5	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	93,60
6	NAROM, S.L.	92,09
7	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	90,79
8	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	89,42
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	89,11
10	ORESA, S.L.	88,68
11	UTE DRAGADOS, S.A. E EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	88,61
12	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	73,44
13	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	71,88
14	ORECO, S.A.	53,91

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 794,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., o día 22 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 28 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 25 de outubro e 15 de novembro de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440) por un importe total de 914.967,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 158.796,02 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **d) Procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Concello de Vigo (12.550-445)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	100,00
2	HELVETIA CIA	74,07
3	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	58,15

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Terceiro.-** Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.718,44 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 28 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.



**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 21 de novembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o procedemento aberto para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (12.550-445) coas seguintes condicións:*

1.- O prezo total do contrato é de 326.976,00 (exento de IVE). Os importes anuais das pólizas de cada categoría de potencia son os seguintes:

- Vehículos de 1ª categoría:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Hasta 75 Cv 450 euros
- De 76 a 118 Cv 450 euros
- Más de 118 Cv 450 euros

- Vehículos de 2ª categoría:

- Vehículos industriais 300 euros
- Vehículos agrícolas 300 euros

- Vehículos de 3ª categoría (motocicletas):

- De 50 a 74 cc 500 euros
- De 74 a 149 cc 500 euros
- De 150 a 349 cc 500 euros
- De 350 a 499 cc 500 euros
- De 500 a 749 cc 500 euros
- Más de 749 cc 500 euros

- Outros vehículos: camións ríxidos, cabezas tractoras, remolques e semirremolques:

- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 7 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 10 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 15 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 20 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 25 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 34 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 100 Tm 1.200 euros

2.- Propón as seguintes melloras:

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 100 (%).
- Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 300 (%).
- En caso de sinistro considera que o Concello terá a condición de terceiro en relación a cobertura de danos aos bens propiedade do mesmo (distintos de vehículos).
- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor de motocicleta 300 (%).
- Incorporación da coberturas incendio, roubo e perda total en vehículos de menos de cinco ano de antigüidade sen franquía.
- Cobertura de danos en vehículo producidos polo impacto, colisión ou atropelo dun animal cinexético, en todo caso e sempre que medie atestado.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**e) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)**

A secretaria dá conta aos membros da Mesa da documentación presentada dentro do prazo concedido polo licitador clasificado en primeiro lugar, FREMAP MUTUA. Logo da súa comprobación a Mesa acorda, por unanimidade, deixar este asunto pendente de estudo.

**15.- Incidencias**

**a) Solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252)**

Dáse conta da citada solicitude aos membros da Mesa.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:45	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AD4E-EBBF3H-A4ACAF-DGYSMV-XAQMSH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		